

# MANUAL DE PUBLICIDADE

---

Subvención prácticas non laborais  
(Orde de 14 de setembro de 2017, DOG n.º 186 do 29 de  
setembro de 2017)

Consellería de Economía, Emprego e Industria



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego  
Dirección Xeral de Orientación  
e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuvenil  
*O FSE inviste no teu futuro*

galicia

# ÍNDICE

## 1. SINIALIZACIÓN DE EDIFICIOS

- a) Modelo de cartel
- b) Características cartel
- c) Materiais
- d) Situación
- e) Duración

## 2. PUBLICIDADE EN PÁXINAS WEB

## 3. INFORMACION ÁS PERSOAS NOVAS

## 4. LOGOTIPO VÁLIDO

## 1. Sinalización de edificios:

### a) Modelo de cartel (modelo 1)

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	 UNIÓN EUROPEA	Resto logos 60% tamaño logo Xunta	
<p><i>NOME DA EMPRESA</i></p> <p><b>PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS</b></p> <p>Operación cofinanciada pola Unión Europea PO de Emprego Xuvenil e Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020</p> <p>Obter formación e un emprego de calidade <i>O FSE Inviste no teu futuro</i></p>			

## 1. Sinalización de edificios:

### a) Modelo de cartel (modelo 2)

<p><i>NOME DA EMPRESA</i></p> <p><b>PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS</b></p> <p>Operación cofinanciada pola Unión Europea PO de Emprego Xuvenil e Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020</p> <p>Obter formación e un emprego de calidade <i>O FSE Inviste no teu futuro.</i></p>	
	<p>Resto logos 60% tamaño logo Xunta</p> <div style="display: flex; justify-content: space-around;"><div style="text-align: center;"> UNIÓN EUROPEA</div><div style="text-align: center;"> <b>XUNTA DE GALICIA</b></div></div>

## 1. Sinalización de edificios:

### b) Características cartel

No cartel deberá figurar:

- Emblema da Unión Europea
- Referencia á Unión Europea
- Nome da operación
- Referencia ao Fondo ou Fondos
- Lema asociado ao fondo
- Principal obxectivo

Estes elementos deben ocupar alomenos o 25% do tamaño do cartel.

- O emblema da Unión deberá **figurar en color**, será claramente visible e ocupará un lugar destacado.
- O nome “**Unión Europea**” sempre aparecerá **sen abreviar**.
- A súa **posición e tamaño** serán os axeitados á escala do material o documento utilizados.

## 1. Sinalización de edificios:

### b) Características cartel (sigue anterior)

- Se se exhiben outros logotipos ademais do da Unión Europea, este terá **como mínimo o mesmo tamaño, medida en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.**
- O texto co nome da empresa deberá colocarse na zona habilitada para tal función, é sempre gardando proporcións co resto de elementos do cartel.
- Tamaño: debe ter un tamaño mínimo A3
- Tipografía: O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garmond, trebuchet, tahoma, verdana o ubuntu.

Exemplo tipografía tipo Arial:

**0123456789**  
**abcdefghijklmnopqrstu**  
**vwxyz**  
**ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**

## 1. Sinalización de edificios:

### b) Características cartel (sigue anterior)

- Non se utilizará a **cursiva**, o **subliñado** nin outros efectos.
- O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema de modo que non interfira.
- A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.

### c) Materiais

No relativo ao emprego de materiais, deberá utilizarse para sinais situadas ao aire libre e expostas á inclemencias ambientais, materiais que sexan idóneos para resistir as agresión dos cambios climáticos. Polo tanto, recoméndase o uso de plástico ou metacrilato.

## 1. Sinalización de edificios:

---

### d) Situación

O beneficiario colocará o cartel nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada do edificio ou oficina.

### e) Duración

O cartel deberá estar nun lugar visible ao público polo tempo que duren as prácticas non laborais.



## 2. Publicidade en páxinas web:

- Durante o tempo de realización das prácticas non laborais deberá aparecer no sitio de Internet da empresa, en caso de que dispoña dun, unha **breve descrición da operación**, con os seus **obxectivos e resultados**, e destacando o **apoio financeiro** da Unión Europea.
- Cando o **emblema da Unión Europea e a referencia á Unión e ao Fondo** correspondiente se presenten nun sitio web serán visible ao abrir dito sitio web, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que desplegar toda a páxina.
- O emblema da Unión deberá figurar **en color** nos sitios web
- Si se exhiben outros logotipos además do emblema da Unión, este tará como mínimo o mesmo tamaño, medio en altura e anchura que o maior dos demais logotipos.

### 3. Información ás persoas novas:

- O beneficiario deberá asegurarse de que as partes que interveñen na operación foron informadas de dita financiación, polo tanto informará á persoa nova que a súa bolsa de prácticas non laborais está cofinanciada pola Unión Europea, a través da Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo social Europeo para o período 2014-2020, cunha porcentaxe do 91,89%.
- Calquera documento relacionado coa execución dunha operación que se destine ao público ou aos participantes, incluídos os certificados de asistencia ou de outro tipo, conterá unha declaración na que se informe de que o programa operativo recibiu apoio da Iniciativa de Emprego Xuvenil e do Fondo Social Europeo para o período 2014-2020.

## 4. Logotipo válido:

- O único logotipo válido para o período de programación de Fondos Europeos 2014-2020 é o formado polo emblema da Unión e a referencia á Unión Europea situado debaixo do mesmo. Non se poden empregar logotipos de fondos.



**UNIÓN EUROPEA**

- A referencia ao fondo e o lema deben incorporarse sen formar parte do logotipo válido:

**Fondo Social Europeo**  
**Iniciativa de Emprego Xuvenil**  
*O FSE inviste no teu futuro*